

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO “MASTER PROPIO EN MEDICINA ORAL, CIRURXÍA ORAL E IMPLANTOLOXÍA”

En Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de conformidade có establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e de conformidade có establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Juan M. Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), con CIF Q1518001A, e enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, do 28 de maio (Diario Oficial de Galicia nº 105 do 4 de xuño de 2014), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC, e no seu nome, don Roberto Javier López López, vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa, en representación da USC en virtude de delegación de competencias aprobadas pola Resolución do Reitor da USC do 22 de setembro de 2015, sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, publicada no Diario oficial de Galicia nº 190, do 5 de outubro de 2015.

Todos eles en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revocados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.

Segundo.- Que, dentro destas actividades, o Consello de Goberno aprobou con data 7 de xuño de 2016 a décimo novena edición do Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía, orientado á formación en patoloxía da cavidade oral e tratamentos cirúrxicos de cirurxía oral, organizado pola Unidade de Investigación e Servizo Universitario de Medicina de Cirurxía Oral.

Terceiro.- Que a finalidade do título é acreditar a formación en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía.

Cuarto.- Xustificación do máster:

A odontoloxía, como o resto das ciencias da saúde, está a sufrir un constante cambio debido aos rápidos avances científicos e tecnolóxicos. A actualización e a investigación nas técnicas de tratamento tanto médico como cirúrxico é un obxectivo prioritario neste máster xa que cremos que a universidade debe estar na vangarda neste aspecto e debe servir de canle para a súa difusión.

Por outra banda, os programas de formación da/do licenciatura/grao en Odontoloxía, inclúen só parcialmente aspectos teórico-prácticos das técnicas médicas e cirúrxicas antes referidas, polo que resulta oportuno a organización deste máster para profundizar nestas técnicas que forman parte da súa práctica diaria.

Quinto.- Que, como institución de educación superior, a USC ten vontade de potenciar a realización da formación, especialización e prácticas nos centros, unidades e servizos integrados no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do seu alumnado.

Sexto.- Que, tanto a Consellería de Sanidade coma o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas dende a Universidade de Santiago de Compostela ou dende calquera das outras universidades galegas.

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un

instrumento de xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Sétimo.- Que a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, prescriben a colaboración permanente entre as Universidades e as Institucións Sanitarias dirixida a conseguir a utilización da estrutura asistencial do sistema sanitario na docencia pregraduada, postgraduada e continuada dos profesionais sanitarios, de forma tal que toda a formación que reciban os profesionais da saúde poida estar integrada nas estruturas de servizos do sistema sanitario.

Oitavo.- Que o Servizo Galego de Saúde, manifesta a súa disposición favorable a colaborar na medida das súas posibilidades para que o alumnado do citado máster propio poida realizar prácticas nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Conforme co anterior,

ACORDAN

A sinatura do presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións da colaboración entre as partes asinantes, cara a unha axeitada planificación, desenvolvemento e avaliación das prácticas dos alumnos do “*Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía*”, en centros ou unidades dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Segunda.- Contidos

Os contidos do programa formativo do máster propio serán os que aprobe a USC para as distintas edicións do mesmo, e serán facilitados ao Servizo Galego de Saúde a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, coa antelación suficiente ao inicio das prácticas de cada edición.

Terceira.- Orientación e seguimento ao alumnado.Titores

Os alumnos terán como titores a un/unha profesional do Servizo Galego de Saúde, con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para unha titorización efectiva, baixo cuxa supervisión realizará as prácticas cada estudante, e a un/unha profesor/a nomeado pola comisión académica do máster propio, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario.

O titor do Servizo Galego de Saúde, e o titor da USC, deberán asinar un documento no que figure perfectamente detallado cal será a tarefa do alumno, o período exacto das prácticas, así como un apartado para un informe breve de ambos titores, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do alumno e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.

Os titores velarán pola formación do alumnado e polo cumprimento do plan de traballo aprobado pola comisión académica do máster propio, encargaranse do seguimento das prácticas e supervisarán a súa realización.

Os/as titores/as cumprirán os requisitos previstos no artigo 10 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios/as, e terán os dereitos e obrigacións que, determinen as normas de aplicación das prácticas académicas externas.

Os/as titores/as das prácticas comprométense a orientar e asesorar individualmente a cada estudante, de forma que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico, a través de diversas actividades, e a facilitar ao alumnado os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan, de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están levando adiante.

Tamén deberán facer un seguimento continuado do alumnado que titorizan, articulando a fórmula máis adecuada para que a experiencia das prácticas resulte beneficiosa. Unha vez concluída a estancia formativa, a persoa designada polo centro asistencial ou unidade administrativa para a titorización, emitirá un informe sobre as actividades realizadas por cada alumno/a durante o período de prácticas, indicando o período (datas de inicio e fin).

A USC, como recoñecemento do esforzo do persoal que titoriza a formación práctica, emitirá a cada profesional unha acreditación do seu labor de titorización segundo o modelo vixente nesta universidade.

Cuarta.- Número de prazas

A distribución do alumnado e a convocatoria para a súa selección será competencia da USC, estando o número de prazas limitado por curso. A USC comunicará ao Servizo Galego de Saúde o número de estudantes do máster propio que realizarán as prácticas obxecto deste convenio e os correspondentes contidos e obxectivos, coa antelación suficiente respecto do inicio das prácticas.

O proceso de selección do alumnado do máster propio será realizado nunha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito, e de acordo cos criterios que establece a memoria do máster propio.

Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

As prácticas desenvolveranse nos centros, servizos ou unidades que o Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias, poña a disposición do obxecto e fins sinalados. Para tal efecto, a selección dos centros asistenciais ou unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnos/as aceptados corresponderá ao Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, unha vez consultados os correspondentes centros e unidades administrativas e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

Quinta.- Réxime xurídico da realización das prácticas e estadias

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Destinatarios

Alumnado do “*Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e Implantoloxía*”.

b) Duración e carácter das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio terán a duración e realizaranse no período que determine a comisión de seguimento e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

As prácticas poderán ser curriculares ou extracurriculares segundo se determine pola USC de acordo coa proposta do curso. No primeiro caso (curriculares), estas poderán ser obrigatorias ou optativas.

Na edición décimo novena do *Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e Implantoloxía* as prácticas constan de 2 créditos ECTS (50 horas) de tipo curriculares optativas.

c) Contido das prácticas

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, o contido específico das prácticas ou das estadías tratará de proporcionar ó alumno unha visión global no que atinxe ao obxecto da formación recibida. Así mesmo, os programas de formación das prácticas externas, contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a estudante, a dedicación en créditos ECTS (“European Credit Transfer Accumulation System”, en galego “Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos”), as actividades formativas que debe desenvolver o/a estudante, o calendario e horario, así como, o sistema de avaliación.

d) Memoria das prácticas-estadía

Ao rematar o período de prácticas ou de estadía cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

e) Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizarana a Universidade a través dos seus titores, tendo en conta a memoria elaborada polo alumno/a, o informe de prácticas do titor do Servizo Galego de Saúde e aquelas outras probas que se consideren adecuadas.

A asistencia ás prácticas é requisito indispensable para poderen ser avaliados. Para iso, cada participante deberá ter asistido como mínimo ao 85% das horas de prácticas programadas.

f) Certificación

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno/a sexan favorables, o titor do Servizo Galego de Saúde emitirlle a cada un dos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc., realizados nelas.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada a avaliación que realice a USC das prácticas.

g) Efectos

A realización das prácticas tuteladas polos/as alumnos/as poderá supoñer o recoñecemento de créditos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

h) Relación coa administración sanitaria

De conformidade co establecido no artigo 24.9 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, as prácticas externas de carácter formativo axustaranse á formación e competencias dos/as estudantes e o seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso, á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo, nin xerará vínculo contractual coa Consellería de Sanidade nin co Servizo Galego de Saúde.

Os alumnos en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade no Servizo Galego de Saúde, nin aquelas exclusivas do persoal dos seus centros, estando sempre e en todo caso orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada. A realización das prácticas non poderá afectar ao normal funcionamento dos servizos e respectará en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan, especialmente ás persoas coas que establecen relación e aos recursos que utilicen.

O Servizo Galego de Saúde non se fará responsable dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización de ditas prácticas a persoas ou bens.

Os centros do Servizo Galego de Saúde poderán desistir, mediante resolución motivada, da formación daquel/a alumno/a cuxo baixo grao de aproveitamento, falta de asistencia, interferencia co labor do centro ou outras causas relacionadas co incumprimento do mencionado compromiso, así o aconsellen.

i) Deberes e dereitos do alumnado

Os dereitos e obrigas do alumnado que acceda ás prácticas serán os previstos no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e nas normas estatais que regulen a realización de prácticas externas do alumnado universitario.

O incumprimento por parte do alumnado en prácticas, das súas obrigas ante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno/a en prácticas.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos no programa das prácticas, así como ao acatamento das normas propias do centro ou servizo de acollida. Aplicaranse con dilixencia ás tarefas encomendadas e gardarán sxiilo sobre as tarefas que

estean realizando durante o seu período de prácticas así como unha vez que este remate, de acordo co sinalado na cláusula décimo quinta de este convenio.

j) Seguridade do alumno e responsabilidade civil

A USC comprométese a que os alumnos e alumnas en prácticas estean cubertos polo Seguro Escolar, e os estudantes maiores de 28 anos por unha póliza de seguro que cubra os accidentes e enfermidades que a alumna ou alumno puidera padecer no transcurso do período de prácticas.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado, que realiza prácticas tuteladas en empresas ou entidades, queda garantida pola USC.

A non adecuada acreditación deste seguro suporá a imposibilidade de realización das prácticas.

Sexta.- Natureza da participación do alumnado no máster propio

A participación dos/as alumnos/as farase en calidade de estudos prácticos orientados a completar a súa formación e facilitar o seu acceso ao mundo profesional. As prácticas organizaranse e xestionaranse de xeito que quede garantida a calidade, o recoñecemento académico e o correcto aproveitamento das mesmas.

Os/as alumnos/as do máster propio que realicen as prácticas ao amparo do presente convenio poderán facer uso das instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, incluídos os servizos e prestacións da Biblioteca Virtual (Bibliosaúde), nas mesmas condicións que os usuarios da consellería e Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, as bibliotecas dos centros dos alumnos en prácticas deberán facilitar o acceso, intercambio de información e subministro de documentos (SOD) para os/as alumnos/as do máster propio, nas condicións establecidas para eles na correspondente normativa da USC.

Sétima.- Perda do dereito á realización das prácticas

Un alumno ou alumna poderá perder o dereito á realización das prácticas por algún dos seguintes motivos:

- a) Baixo grao de aproveitamento.
- b) Falta de asistencia non xustificada.
- c) Interferencia coa labor asistencial do centro.
- d) Acceso a áreas ou zonas do centro para as que non estea autorizado.
- e) Causar intencionadamente danos á persoas, instalacións e/ou bens durante a realización das prácticas.

f) Calquera outro comportamento ou actuación dunha gravidade asimilable aos anteriores.

A declaración da perda do dereito á realización das prácticas requirirá a tramitación do seguinte procedemento:

1 Inicio

O procedemento iniciárase mediante acordo do responsable do centro no que se integre a unidade na que a alumna ou alumno estivera a realizar as prácticas.

Para a elaboración deste acordo deberá solicitarse, como mínimo, informe a cada un dos titores da alumna ou do alumno de que se trate. Así mesmo, poderán solicitarse outros informes que se considere necesarios para o esclarecemento das circunstancias que, se é o caso, poidan dar lugar a perda do dereito á realización das prácticas.

2 Trámite de audiencia

Practicarase o trámite de audiencia nos termos establecidos no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3 Elaboración da proposta de resolución por parte do titular do centro do Servizo Galego de Saúde.

Para a elaboración da proposta poderanse ter en conta as alegacións e o resultado das probas que, se é o caso, propoña a alumna ou o alumno de que se trate, durante o trámite de audiencia, así como aquelas que poida acordar o titular do centro.

4 A proposta de resolución do procedemento remitirase á Comisión Mixta de seguimento do convenio, regulada na cláusula décima deste convenio, que será a competente para ditar a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución da Comisión Mixta poderá ser recorrida en alzada ante o Conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Compromisos que asume a Universidade

A USC comprométese a:

- Distribuír e seleccionar, a través da dirección do máster propio, ás persoas que, formando parte do seu alumnado, realizarán ás prácticas. O número de prazas por curso estará limitado ao que determine a comisión mixta de seguimento deste convenio.
- Comunicar coa debida antelación ao Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, os datos que permitan identificar as persoas que, formando parte do seu alumnado, realizarán a formación práctica obxecto do presente convenio, así como os correspondentes contidos e obxectivos da formación.
- A facilitar ás persoas que, formando parte do alumnado, resulten seleccionadas, para o desenvolvemento das actividades que se programen no marco do presente convenio, información sobre:
 - A duración, calendario, horario e lugar de realización das prácticas.
 - Os traballos que, de selo caso, teñan que entregar tanto durante o período de tempo no que se desenvolvan as prácticas, como ao seu remate (memorias, informes, ...); todo iso, na forma que se indique no Plan de Traballo que se estableza.
 - O carácter formativo das prácticas, de xeito que comprendan que non poderán asinar nin asumir responsabilidades nin realizar actuacións que esixan desempeño profesional.

Nesta liña, a Universidade realizará todo o necesario para que os traballos que se lle encomenden ao alumnado, durante a realización das prácticas, estean en consonancia coa finalidade principal do convenio, que non é outra que a de facilitar o seu estudo e formación; tendo en conta que o alumnado só poderá realizar actividades relacionadas coa formación obtida a través da formación acreditada para poder acceder á realización das prácticas obxecto do presente convenio.

- Velar para que a utilización de recursos e dispositivos asistenciais aos que teña acceso o alumnado no desenvolvemento das prácticas, non afecte de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros ou servizos dependentes do Servizo Galego de Saúde, así como para que respecten en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan e, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e ós recursos que utilicen.
- A adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado acate as normas propias do centro ou do servizo de acollida. Non obstante, o desenvolvemento das prácticas axustarase ao plan formativo titorizado que, previamente ao seu comezo, se deseñe, que deberá conter as diversas actividades nas que o alumnado se iniciará, de xeito que debe quedar diferenciada a labor, dedicación e duración das xornadas de prácticas do alumnado, respecto das que teñan os profesionais dos centros ou entidades onde as desenvolvan.
- Expedir as correspondentes acreditacións de colaboración aos profesionais responsables das titorías de prácticas.

- Organizar e coordinar actividades de formación para os responsables das titorías de prácticas que faciliten o intercambio de experiencias entre profesionais da sanidade e o profesorado universitario, intensificando canles de colaboración.
- Facilitar a participación das persoas responsables das titorías naqueles cursos, congresos, xornadas, etc., organizados polos departamentos responsables da docencia vinculada ás prácticas, que supoñan unha posibilidade de mellora do desenvolvemento das prácticas.

Novena.- Compromisos que asume o Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

- a) Informar a todas as institucións correspondentes e aos seus profesionais das características do presente convenio, apoiando a súa integración no desenvolvemento das prácticas.
- b) Posibilitar na medida das necesidades e recursos de cada momento, e sempre supeditado ás necesidades asistenciais, á liberación de parte do horario laboral daqueles profesionais que colaboren no programa das prácticas, para que poidan participar en actividades de formación relacionadas coas tarefas profesionais habituais ou para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.
- c) Valorar, para os efectos oportunos no currículo persoal, as horas anuais correspondentes ás tarefas de titoría nas prácticas, conforme á acreditación que outorgará a Universidade de Santiago.
- d) Ofrecer as condicións necesarias para recibir ás persoas que vaian a realizar as prácticas, comprometéndose a propiciar o óptimo desenvolvemento do programa de prácticas que se defina, facilitando ao alumnado os medios e recursos dos que dispoñen, así como a favorecer a implicación do persoal sanitario que alí traballe nas funcións de titoría e coordinación das prácticas que lles competa realizar.
- e) Facilitar a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos programas recollidos nos anexos deste convenio de tal xeito que o alumnado poida realizar adecuadamente as prácticas.
- f) A selección dos centros asistenciais e das unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnos e alumnas participantes corresponderá ao Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, unha vez consultados os correspondentes centros e unidades administrativas e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

Décima.- Financiamento do convenio

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria.

O alumnado non terá dereito a remuneración, indemnización, nin gratificación ou compensación económica da Administración autonómica por mor da realización das prácticas.

Undécima. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará integrada por dous representantes por cada unha das institucións asinantes, e terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

1. Determinar as datas e períodos de tempo para a súa realización.
2. Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
3. Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
4. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
5. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións de este convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
6. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.
7. Propoñer adendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
8. Resolver os casos de perda do dereito á realización das prácticas, previo informe do centro ou unidade da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, no que estivesen realizando as mesmas.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Duodécima.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.c) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

1. Regulamento de estudos propios de posgrao e formación continua da USC, aprobado polo Consello de Goberno celebrado o 4 de febreiro de 2015.
2. Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno celebrado o 29 de xullo de 2015

Décimo terceira.- Vixencia do convenio

O prazo de vixencia deste convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

Décimo cuarta.- Resolución do convenio

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o

convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo quinta.- Certificación artigo 13.5. Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro

En cumprimento do artigo 13.5. da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, os centros e institucións sanitarias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde esixirán ao alumnado de calquer nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais nos mesmos termos que o persoal dos mesmos.

Correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela como responsable dos estudantes en prácticas, recabar aos seus alumnos a citada certificación negativa, informando delo á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde."

Décimo sexta.- Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e co Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, el alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non poderá revelar, a persoa allea ao Servizo Galego de Saúde, información da que tivera coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Esta obriga subsistirá despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto cada alumno ou alumna asinará un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Décimo sétima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo oitava.- Xurisdición

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán elevadas ao conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en triplicado no lugar e data anteriormente indicados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Jesús Vázquez Almuíña

Juan M. Viaño Rey
(Por delegación de Competencias
Resolución Reitoral de 22/09/2015,
DOG de 05/10/2015) D. Roberto
Javier López López Vicerreitor de
Oferta Docente e Innovación
Educativa